Cruceiros de Carral

Guillermo Alcalde Souto
Pablo Mosquera García
Carlos Lorenzo Pérez

Concello de Carral

Edita: Concello de Carral (Concellería de Cultura)

Textos: Guillermo Alcalde Souto
Pablo Mosquera García
Carlos Lorenzo Pérez

Fotos e maquetación: Carlos Lorenzo Pérez

Revisión lingüística: Servizo municipal de Normalización Lingüística

Esta publicación é resultado da colaboración
da Facultade de Historia da Universidade de
Santiago de Compostela e o Concello de Carral.

BY NC SA

Maio 2015

os cruceiros

O cruceiro é un elemento cotián na paisaxe galega. De feito, hai uns 12 mil repartidos nas catro provincias de Galicia.

Moitos estudosos deste tipo de monumentos, entre o que se atopa Castelao, coinciden na teoría de que os cruceiros espalláronse por Galicia como elemento cristianizador de lugares de culto pagán á natureza. Así, non é estrano atopalos onde existen pedras singulares, menhires, castros, outeiros, ou bendecindo os cruces de camiños, os campos das feiras de gando, nos adros das igrexas ou diante das casas de familias importantes.

Os cruceiros son obxectos sagrados, así como o lugar no que se atopan, e adquiren un significado especial para as aldeas ou parroquias ás que pertencen. Diante dos cruceiros rezábase para pedir axuda a Deus ou polas ánimas dos mortos. Ao redor deles creáronse lendas, crenzas e tradicións, case sempre relacionadas coa morte, como que supuña un lugar de refuxio ante a presenza da Santa Compaña ou para evitar os feitizos das meigas. Poden ser estes uns dos motivos polos que sexan frecuentes nas beiras e nos cruces de camiños. Tamén son puntos de referencia nas procesións e nos enterros. Nalgúns que estaban de camiño ao cemiterio e que tiñan pousadoiro, como é o caso do de Paleo, aproveitábase para pousar o cadaleito e rezar un responso.

Esta guía pretende darlle a coñecer os existentes no municipio de Carral, cunha breve descrición de cada un deles. Son o noso patrimonio e xunto cos hórreos convertéronse no noso sinal de identidade. Por iso a necesidade de coñecelos e conservalos.

Nesa obriga está o Concello de Carral, que coa colaboración da Facultade de Historia da Universidade de Santiago, confeccionou esta guía para darlle difusión ao coñecemento do noso patrimonio.

o cruceiro




A
B
C
D
E
F
G
1
2
3
4
5
6
7
8
A CORUÑA
CARBALLO
LUGO
MADRID
ANDEIRO
Concello de Cambre
CAMBRE
A CORUÑA
CARBALLO
LUGO
MADRID
ABEGONDO
Concello de Abegondo
N-550
Autovía
Aeroporto
A CORUÑA
Concello de Culleredo
Tabeaio
CASTELO
Sergude
Cañás
Carral
Paleo
Quembre
Concello de Cerceda
Sumio
Beira
MEIRAMA
MONTOUTO
MONTOUTO
ABEGONDO
BETANZOS
XANCEDA
A SANTIAGO
MESÓN
DO VENTO
Concello de Mesía
Concello de Abegondo
ORDES
SANTIAGO
Concello de Ordes
Ruta do Barcés
Ruta dos Mártires
Ruta Costa da Égoa
Camiño Inglés de Santiago
Arteixo – Xalo
CRUCEIROS
1. Tabeaio (cruce)
2. Sergude (igrexa)
3. Cañás (igrexa)
4. San Vicente (igrexa e cemiterio)
5. Paleo (estrada)
6. Quembre (centro social)
7. Sumio (igrexa)
8. Rubieiro (capela)
9. Beira (igrexa)
10. As Travesas (capela)

cruceiro de Tabeaio

Obra: Cruceiro de San Martiño de Tabeaio

Data: 1992 (última reforma)

Dimensións:
Cruz: 100 x 63 cm
Varal: 210 x 18 cm
Base: 80 x 118 cm

Localización: cruce da Rúa Esperón coa estrada Nacional 550, inmediacións da igrexa parroquial de Tabeaio.
43°14'53.3"N - 8°21'34.7"W

Material: granito

Técnica: tallado

Descrición: cruceiro con plataforma de dous chanzos sobre o que se asenta a base do cruceiro. No chanzo superior temos unha placa coa inscrición da data da súa inauguración e o nome do alcalde nese momento, D. Juan Manuel Vales Rodríguez. A base é cuadrangular cos bordes superiores achaflanados. O fuste pódese dividir en tres partes. A parte inferior é cuadrangular e deixa paso á parte intermedia ao achaflanar a súas esquinas que recuperan a súa forma na parte superior. En canto ao capitel está decorado con motivos xeométricos e a parte superior é de maior tamaño.

A cruz é latina de tipo potenzada debido aos extremos dos brazos da cruz que son máis anchos nos extremos. A figuración representada na cruz é algo curiosa xa que a colocación da mesa marca a cara principal e neste caso no anverso atopamos a María de pé sobre unhas nubes, coas mans entrecruzadas e no reverso temos a figuración de Cristo crucificado, imaxe que soe decorar a cara principal dos cruceiros. A ubicación da mesa cambiouse por mor da ampliación da estrada N550.

Estado de conservación: bo.

cruceiro de Sergude

Obra: Cruceiro de San Xiao de Sergude

Data: 1950/60

Dimensións:
Cruz: 87 x 45 cm
Varal: 260 x 24 cm
Base: 93 x 216 cm

Localización: fronte a igrexa parroquial de Sergude.
43°14'47.1"N - 8°20'23.5"W

Material: formigón

Técnica: vaciado

Descrición: plataforma de tres chanzos sobre os que temos unha base ou pedestal cúbico rematado en mediacana, moldura circular sobre o pedestal. O fuste é cuadrangular con chafrán nos laterais, pero a parte inferior é interesante xa que hai releve vexetal que recorda ás palmas que son un símbolo do martirio. Ademais nun dos laterais do fuste temos unha serie de ferramentas.

O capitel é cuadrangular con decoracións xeométricas moi simples. A cruz é circular e latina, presenta figuración e está decorada con motivos vexetais que a percorren. No anverso, marcado pola mesa exenta, temos a Cristo crucificado con catro cravos, pés separados e a cabeza ladeada cara a dereita. Ademais ten o pano de pureza anudado cara adiante, coroa de espiñas e as mans en puño. En canto ao reverso temos a María orante colocada directamente sobre o capitel.

Estado de conservación: bo

cruceiro de Cañás

Obra: Cruceiro de Santa Baia de Cañás

Data: s. XX

Dimensións:
Cruz: 127 x 66 cm
Varal: 298 x 20 cm
Base: 100 x 245 cm

Localización: adro da igrexa parroquial de Cañás.
43°14'00.9"N - 8°19'34.5"W

Técnica: tallado

Material: granito

Descrición: cruceiro cunha plataforma de tres chanzos sobre os que se asenta unha base cuadrangular. O fuste pódese dividir en tres partes. A parte inferior é cuadrangular e da paso á segunda ao achaflanar os bordes duplicando así os ángulos. Na parte superior o fuste recupera a súa forma cuadrangular e dá paso ao capitel.

O capitel é de tipo cuadrangular con mediacana, é dicir, vai aumentado de tamaño dende o principio ata a parte superior o cal incrementa a base para a cruz, que é latina e simple xa que carece de figuración. Sen embargo, os tres brazos da cruz teñen unhas formas características da tipoloxía florenzada con botón, xa que imita os pétalos dunha flor.

Estado de conservación: bo

cruceiros de San Vicente

Obra: Cruceiro de San Vicente de Vigo

Data: 1987

Dimensións:
Cruz: 105 x 75 cm
Varal: 330 x 20 cm
Base: 117 x 209 cm

Localización: no adro da igrexa
43°14'55.4" N - 8°18'27.5" W

Material: granito

Técnica: tallado

Descrición: este cruceiro foi doado pola familia Del Moral para substituír ao vello cruceiro, que se situou no cemiterio da parroquia. Pese a ser de recente creación mantén o emprego da pedra. Ten unha plataforma de tres chanzos sobre os que se asenta unha base cuadrangular cuxo perímetro superior se achaflana para crear unha superficie na que gravar a data e o nome da familia que o doou. Para manter a unidade entre a base e o fuste emprega uns relevos rectangulares.

No fuste, tralo relevo, vemos que os laterais están achaflanados, igual que o perímetro superior da base. O chafrán dos laterais acaba antes do fin do fuste onde recupera a súa forma cuadrangular sobre a que se asenta un capitel con decoracións vexetais e de volutas. En canto á cruz é latina e potenzada debido á forma dos seus extremos máis anchos que os brazos da cruz. Temos dúas figuras nela, unha, na cara principal ou anverso, é a representación de Cristo na cruz, e no reverso temos unha representación da piedade polo que vemos a María sostendo o corpo de Cristo cando o baixan da cruz.

Estado de conservación: bo

cruceiros de San Vicente

Obra: Cruceiro vello de San Vicente

Data: s. XIX

Dimensións:
Cruz: 95 x 66 cm
Varal: 207 x 20 cm
Base: 38 x 119 cm

Localización: recinto do cemiterio de San Vicente.
43°14'54.6"N - 8°18'28.4"W

Material: granito

Técnica: tallado.

Descrición: O seu emprazamento orixinal era o adro da igrexa de San Vicente de Vigo, pero foi substituído polo que está actualmente colocado e trasladado ao interior do cemiterio parroquial. Presenta unha plataforma dun só chanzo sobre o que se asenta unha base cuadrangular moldurada. O fuste ou varal comeza achaflanado nos laterais e non perderá o chafrán ata a parte superior onde toma forma cuadrangular antes do capitel. O capitel é moldurado con cuarto de bocel, é dicir, está separado do fuste por unha forma case de anel. En canto á cruz é latina cos brazos en chafrán e pola forma no final dos brazos é de tipo florenzada con botón. Carece de figuración.

Estado de conservación: Malo, fuste moi erosionado e con gretas ao igual que na cruz.

cruceiro de Paleo

Obra: Cruceiro de Paleo

Data: 1757

Dimensións:
Cruz: 85 x 60 cm
Varal: 287 x 20 cm.
Base: 130 x 212 cm

Localización: inmediacións da igrexa parroquial de Paleo.
43°13'32.1"N - 8°22'02.6"W

Material: granito

Técnica: tallado

Descrición: cruceiro con plataforma de tres chanzos rectangulares sobre os que se asenta unha base cuadrangular cos bordes superiores achaflanados. O fuste do cruceiro pódese dividir en dúas partes. A parte inferior é cuadrangular mentres que na superior se achaflanan as esquinas e mantense o chaflán ata o capitel.

O capitel é interesante porque presenta unha figuración que podería ser dunha ánima, ademais a forma do capitel é cuadrangular moldurado, xa que presenta chanzos que aumentan de tamaño cara arriba. En canto á cruz é latina e potenzada debido á anchura dos seus brazos na parte final. A figuración é simple, no anverso, marcado pola mesa, temos a representación de Cristo crucificado e no reverso a María cos dedos entrelazados, polo tanto en posición orante, e colocada directamente sobre o capitel.

Estado de conservación: regular, capitel roto e cruz rota e erosionada.

cruceiro de Quembre

Obra: Cruceiro de San Pedro de Quembre

Data: 2000

Dimensións:
Cruz: 83 x 64 cm
Varal: 293 x 21 cm
Base: 130 x 201 cm

Localización: fronte ao local social de Quembre
43°12'41.3"N - 8°22'15.2"W

Técnica: tallado

Material: granito

Descrición: cruceiro cunha plataforma de tres chanzos sobre a que atopamos unha base achaflanada, non só nos seus bordes superiores como moitos cruceiros do concello, senón que tamén achaflana a metade superior dos bordes laterais, ademais presenta inscripcións nos laterais e unha vieira no anverso. O emprego da vieira neste cruceiro ten que ver coa súa colocación en ano xubilar ao que hai que engadirlle que unha parte do Camiño Inglés pasa polo concello de Carral. Da base xorde un fuste ou varal cuadrangular en orixe e cuxos lados se achaflanan ata o capitel. No fuste, na súa cara principal, temos a representación de San Pedro que se identifica grazas ás chaves que ten nas mans.

En canto ao capitel é de base octogonal, número de lados semellantes aos do fuste achaflanado sobre o que se asenta. Presenta unha decoración a base de volutas e formas vexetais. As volutas moi marcadas deixan unha forma de cruz grega que será a base da cruz superior. Unha cruz latina rectangular cos bordes achaflanados. En cuanto á figuración presenta no anverso unha imaxe de Cristo crucificado co pano de pureza anudado cara a esquerda e as mans abertas. E no reverso presenta á virxe María cos brazos abertos cara abaixo sobre un capitel.

Estado de conservación: bo.

cruceiro de Sumio

Obra: Cruceiro de Santiago de Sumio

Data: 1833

Dimensións:
Cruz: 77 x 78 cm
Varal: 282 x (circular)
Base: 62 x 78 cm

Localización: inmediacións da igrexa parroquial de Sumio
43°11'40.7"N - 8°22'43.7"W

Material: granito

Técnica: tallado

Descrición: cruceiro de plataforma octogonal de dous chanzos sobre os que se asenta a base tamén octogonal e da que sae un fuste circular. O capitel é de base circular mentres que a parte sobre a cruz é cuadrangular. A decoración do capitel é a base de motivos vexetais e volutas nas catro esquinas da parte superior do capitel. En canto á cruz é latina de tipo florenzada con botón debido á forma dos seus extremos que imitan unha flor cun círculo no medio. Na cruz temos figuración a ambos lados. No anverso temos a Cristo crucificado co pano de pureza cara a dereita, ao igual que o xiro da cabeza de Cristo; ademais o representa coa coroa de espiñas e as mans abertas. No reverso da cruz temos unha representación de María en posición orante directamente colocada sobre o capitel.

Estado de conservación: estrutura en bo estado pero moi erosionado.

cruceiro do Rubieiro

Obra: Cruceiro de San Pedro do Rubieiro

Data: sen determinar

Dimensións:
Cruz: 88 x 60 cm
Varal: 253 x 27 cm
Base: 13 x 80 cm

Localización: inmediacións da capela San Pedro do Rubeiro (parroquia de Sumio).
43º 11' 05.92"N - 8º 22' 56.55"W

Material: formigón e granito

Técnica: vaciado con molde para o fuste, tallado para a cruz.

Descrición: cruceiro coa plataforma soterrada polo que temos o varal directamente sobre a base e o pedestal. O varal é cuadrangular cos bordes lixeiramente achaflanados que dan paso a un capitel cuadrangular moldurado que reduce o seu tamaño cara arriba. En canto á cruz carece de figuración e é de tipo cruz latina. Presenta chafráns nos brazos e debido ao reforzo nos mesmos é de tipo potenzada.

Estado de conservación: Malo, cruz moi deteriorada.

cruceiro de Beira

Obra: Cruceiro de Santa Mariña de Beira

Data: 1956

Dimensións:
Cruz: 90 x 75 cm
Varal: 208 x 23 cm
Base: 86 x 233 cm

Localización: fronte á igrexa parroquial de Veira.
43°11'43.7"N - 8°21'21.9"W

Material: formigón.

Técnica: vaciado con molde.

Descrición: cruceiro cunha plataforma de tres chanzos de formigón recuberto de granito pulido sobre os que se asenta unha base cuadrangular, tamén recuberta de granito pulido. En canto ao varal ou fuste ten os bordes achaflanados dende o inicio ata a parte superior onde toma forma cuadrangular ata o capitel.

O capitel é cuadrangular moldurado e presenta decoración en todas as súas caras. A decoración dos laterais representa unha cabeza dun anxo coas ás sobre nubes. En canto á decoración do anverso do cruceiro, marcado pola mesa, se representa a coroa de espiñas e os cravos da cruz. No reverso do capitel está representado o pano co que se tapou o corpo de Cristo e figurado o rostro de Cristo.

A cruz é rectangular simple e está figurada no anverso con Cristo crucificado coa cara ladeada lixeiramente á dereita, coas mans abertas, a coroa de espiñas e o pano de pureza anudado á dereita. En canto ao reverso temos á virxe María en posición orante sobre nubes.

Estado de conservación: bo.

cruceiro das Travesas

Obra: Cruceiro de San Roque das Travesas.

Data: 1866.

Dimensións:
Cruz: 70 x 40 cm
Varal: 240 x (circular) cm
Base: 43 x 140 cm

Localización: fronte á fachada da capela de San Roque das Travesas na parroquia de Beira.
43°10'10.4"N - 8°21'02.0"W

Material: granito e formigón.

Técnica: tallado no varal e vaciado na cruz.

Descrición: cruceiro cunha plataforma de dous chanzos, o superior substituído recentemente por un de forma circular fabricado con anacos de granito, e formigón intercalados. O pedestal é circular e o fuste que sae del é de sección octogonal con molduras nos lados moi erosionadas. En canto ao capitel é cuadrangular moldurado e a cruz se asenta directamente sobre el. A cruz, fabricada en formigón, é latina cos bordes achaflanados e carece de figuracións.

Estado de conservación: malo, fuste moi desgastado.



A presente publicación realízase para a súa difusión por internet.

www.carral.es